

O COTSG presenta unha queixa ante el Defensor del Pueblo pola supresión do Informe Social no recoñecemento da dependencia

O **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia** volve manifestar a súa profunda preocupación pola eliminación do Informe Social no proceso de recoñecemento da dependencia, unha medida que pode vulnerar gravemente os dereitos das persoas usuarias e prexudica a calidade da súa atención.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025.- O **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia** vén de presentar unha queixa ante el Defensor del Pueblo, instándo a intervir ante a Xunta de Galicia para que reconsidere a eliminación do Informe Social no recoñecemento da dependencia e garanta os dereitos das persoas en situación de dependencia. A eliminación de dito Informe Social pon en risco a equidade e a xustiza no acceso aos servizos de atención, prexudicando especialmente ás persoas máis vulnerables da nosa sociedade.

A defensa dunha atención de calidade e baseada nun enfoque integral é unha responsabilidade de todas as institucións implicadas. Por iso, solicitan al Defensor del Pueblo, que actúe con urxencia para corrixir esta situación e evitar un deterioro no sistema de atención á dependencia en Galicia.

Impacto da Modificación Lexislativa

Tras a aprobación dos orzamentos no mes de decembro de 2024, a Lei de medidas fiscais e administrativas (de acompañamento aos orzamentos), a Lei 5/2024 suprime o **Informe Social** como requisito para a valoración da dependencia, o que representa un retroceso na garantía dun diagnóstico axeitado. Este documento é fundamental para avaliar non só a situación de saúde da persoa solicitante, senón tamén o seu contexto social, familiar e económico, factores imprescindibles para ofrecer unha resposta axeitada ás súas necesidades.

A exclusión deste informe impide unha visión integral da realidade da persoa en situación de dependencia, reducindo a valoración a criterios médicos e burocráticos, sen ter en conta os condicionantes sociais que inciden directamente no seu benestar.

Deterioro na atención e acompañamento

A reforma lexislativa tamén exclúe os Servizos Sociais Comunitarios na elaboración do Programa Individual de Atención (PIA), o que supón unha limitación na orientación profesional que reciben as persoas usuarias. A falta de participación dos traballadores sociais deixa sen referencia fundamental ás persoas dependentes e ás súas familias, dificultando a planificación dos coidados e a identificación dos servizos máis axeitados para cada caso.

Ademais, esta decisión implica unha sobrecarga para as familias, que se ven obrigadas a xestionar os trámites sen o asesoramento adecuado, aumentando a desigualdade no acceso aos recursos dispoñibles.

Reivindicacións do Colexio Oficial de Traballo Social

Desde o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia solicitamos á Xunta de Galicia que rectifique esta decisión e restitúa o Informe Social como requisito esencial no proceso de valoración da dependencia. É imprescindible garantir a participación activa dos profesionais do Traballo Social, xa que a súa intervención é clave para asegurar unha atención integral e adaptada ás necesidades reais das persoas usuarias.

A exclusión deste informe supón unha perda de calidade no sistema de atención á dependencia, xa que elimina a posibilidade de realizar un acompañamento profesional durante todo o proceso, desde a valoración inicial ata a asignación dos recursos axeitados.

Dende o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, informan que a actual situación é caótica, para a poboación. No pasado mes de febreiro xa presentamos outra queixa na Valedora do Pobo, polo mesmo motivo.

Tamén organizamos unha concentración con outras organizacións o día 10 de febreiro diante da Xunta de Galicia.

Dende que se produciron os cambios en dita lei, as listaxes de agarda non baixaron, e a Xunta de Galicia non está dando directrices claras ao persoal de Traballo Social.

Denunciamos que se realizaron cambios sen consenso, nin participación das/dos profesionais. O anunciado plan de choque, non dotou de persoal nin de recursos, polo que a situación é insostible, e vulnera o dereito da cidadanía no acceso a uns servizos sociais de calidade.

Contacte co COTSG para máis información:

info@traballosocial.gal // David Gontán – coordinador COTSG 604 077 879